

PLENO

**ACTA 2022/02 DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO
CONCELLO DE OROSO DO 27/01/2022.**

No salón de plenos da casa do Concello de Oroso cando son as 19:00 horas do día indicado comparecen:

- 1 Luís Rey Villaverde (PSdeG-PSOE).
- 2 Vanesa Boo Martínez (PSdeG-PSOE).
- 3 Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE)
- 4 Javier Grela Mosquera (PSdeG-PSOE)
- 5 Beatriz Rodeiro Fernández (PSdeG-PSOE)
- 6 José Calvo Rey (PSdeG-PSOE).
- 7 Alexander Doval Expósito (PP)
- 8 Lidia López Gándaras (PP)
- 9 Silvia Suárez García (PP).
- 10 José Carlos Mosquera Boo (PP).
- 11 José Manuel Mirás Pulleiro (OR)
- 12 María Teresa Cendal Iglesias (OR)
- 13 Isabel Fernández Gallego (BNG).

Actúa como secretario o Secretario titular do Concello D. Federico Suárez Cancelo, non asiste o Interventor da Corporación D. Félix Carrasco del Pozo. Preside a sesión o Alcalde D. Luís Rey Villaverde. Asiste a totalidade de concelleiros da Corporación.

Constitúese o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a seguinte ORDE DO DÍA

I PARTE RESOLUTORIA

1.- Aprobación de actas do Pleno do Concello.

1.1.-Acta da sesión ordinaria do 25/11/2021. Acta 15/2021.

1.2.-Acta da sesión extraordinaria do 13/01/2022. Acta 01/2022.

II PARTE DE CONTROL

2.- Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas que van desde a nº 1576/2021 do 19/11 ata a nº 52/2022 do 21/01.

3.- Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 19/11/2021 ata o 21/01/2022.

4.- Mocións dos Grupos municipais.

PLENO

5.- Rogos e preguntas.

Antes do inicio da sesión un membro do público solicita permiso para proceder á gravación da sesión en vídeo.

D. Alexander Doval Expósito (PP) toma a palabra para sinalar que o seu grupo está de acordo en que as sesións se reproduzan pero por unha canle oficial, xa o pedimos na pasada lexislatura pero non deste xeito que se poida facer un corta e pega para poñer nas redes sociais.

Finalmente o Sr. Alcalde sinala que non se procederá a levar a cabo a gravación.

Seguidamente continúaase cos asuntos da orde do día.

1.- Aprobación de actas do Pleno do Concello.

1.1.-Acta da sesión ordinaria do 25/11/2021. Acta 15/2021.

Logo de ver a minuta da acta de Pleno nº 15/2021 da ordinaria do 25/11/2021 que foi remitida aos concelleiros xunto coa convocatoria deste Pleno o Sr. Alcalde pregunta aos membros da corporación si algún ten que facer algún tipo de observación.

Non se producen intervencións.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a aprobación da acta e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos)

Apróbase a acta nº 15/2021 da sesión ordinaria do Pleno do 25/11/2021 e a súa incorporación ao libro de actas de conformidade co previsto no Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

1.2.-Acta da sesión extraordinaria do 13/01/2022. Acta 01/2022.

Logo de ver a minuta da acta de Pleno nº 01/2022 da sesión ordinaria do 13/01/2022 que foi remitida aos concelleiros xunto coa convocatoria deste Pleno o Sr. Alcalde pregunta aos membros da corporación si algún ten que facer algún tipo de observación.

O Sr. Alcalde somete a votación a aprobación da acta e o Pleno por:

PLENO

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).
 Votos en contra: ningún (0 votos)
 Abstencións: ningunha (0 votos)

Apróbase a acta nº 01/2022 da sesión ordinaria do Pleno do 14/09/2021 e a súa incorporación ao libro de actas de conformidade co previsto no Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

II PARTE DE CONTROL

2.- Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas que van desde a nº 1576/2021 do 19/11 ata a nº 52/2022 do 21/01.

Dáse conta dos decretos ditados pola Alcaldía desde o 1576/2021 do 19/11 ata o nº 52/2022 do 21/01 dos que se lles deu relación aos concelleiros e estiveron a disposición dos mesmos desde a convocatoria da sesión do Pleno.

3.- Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 19/11/2021 ata o 21/01/2022.

Dáse conta dos reparos formulados pola intervención municipal entre o 19/11/2021 ata o 21/01/2022 dos que se lles deu relación aos concelleiros e estiveron a disposición dos mesmos desde a convocatoria da sesión do Pleno:

Nº	Data	Asunto
1	24/11/2021	Aprobación facturas contrato menor bos días cole
2	24/11/2021	Aprobación facturas contrato menor comedor colexio
3	23/12/2021	Contratos menores 2021_01
4	23/12/2021	Contratos menores 2021_04
5	27/12/2021	Contratos menores 2021_02
6	27/12/2021	Contratos menores 2021_03
7	27/12/2021	Contratos menores 2021_05
8	28/12/2021	Contratos menores 2021_06
9	26/11/2021	Prórroga mantemento alumeado
10	26/11/2021	Prórroga punto limpo
11	26/11/2021	Prórroga mantemento lixo bolsa verde.

4.- Mocións dos Grupos municipais.

4.1.-Moción presentada polo grupo municipal do PP en apoio do sector cárnico.

PLENO

Primeiramente o Sr. Alcalde somete a debate e votación a urxencia da moción.

Non se producen intervencións.

O pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións: ningunha (0 votos) aproba a urxencia da moción.

Seguidamente, logo de ver o contido da moción:

“Según el Informe Anual de la Industria Alimentaria Española Periodo 2020-2021, publicado por el Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, la industria cárnica es:

- *La tercera en cuanto a número de empresas que lo integran: 3.641 empresas, el 11,9% del total de empresas que conforman la Industria Alimentaria Española.*

A este respecto hay que indicar que, según el referido informe publicado por el Gobierno de España, el 67% de esas empresas tienen menos de 10 trabajadores (y el 92,7% no alcanza los 50 empleados).

Es decir, esta industria está formada predominantemente por pequeñas explotaciones ganaderas de tipo familiar que ayudan a crear empleo y riqueza y, lo que es más importante, a fijar población en el mundo rural.

- *Y en 2020 aportó casi 9.000 millones € de exportaciones a la balanza comercial de España contribuyendo a reducir el tradicional déficit comercial de nuestro país.*

Si hablamos de eficiencia, sostenibilidad y respeto al medio ambiente y al bienestar animal, la producción ganadera de carne representa únicamente el 5,8% del total de emisiones de Gases de Efecto Invernadero a nivel mundial; el 80% de las cuales se producen en países en vías de desarrollo.

Como prueba de que la industria cárnica española está firmemente comprometida en la defensa del bienestar animal, la Asociación Nacional de Industrias de la Carne de España (ANICE)- la mayoritaria en el sector- adoptó en 2019 el acuerdo de instalar cámaras de video-vigilancia en mataderos, con objeto de supervisar el correcto cumplimiento de las condiciones de bienestar animal en los establecimientos de sacrificio.

Este acuerdo se tradujo en una solicitud formal, en octubre de 2019, a la Agencia Española de Seguridad Alimentaria y Nutrición (AESAN), para el desarrollo de la legislación correspondiente.

Además, este sector cumple con toda la regulación relativa al bienestar animal y seguridad y calidad alimentaria elaborada por el Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, el competente en la materia y que traspone las directivas que sobre estos aspectos se elaboran en la Unión Europea.

Frente a estos datos, Alberto Garzón, Ministro de Consumo del Reino de España no ha dudado en afirmar, en una entrevista concedida al periódico británico The Guardian, que España exportaba carne de mala calidad

PLENO

procedente de animales maltratados (“...they export this poor quality meat from these ill-treated animals”).

Unas declaraciones que como hemos podido ver, revisando los datos publicados por el propio gobierno, son rotundamente falsas y demuestran o la profunda ignorancia de este miembro del gabinete o su abismal sectarismo o ambas cosas a la vez.

En todo caso, no es la primera vez que Alberto Garzón ataca a una de las industrias alimentarias más importantes de nuestro país y desprestigia a un sector que lleva años adaptándose a los nuevos estándares de sostenibilidad ambientales, bienestar animal y calidad alimentaria, que da trabajo a cientos de miles de españoles y es una herramienta fundamental para luchar contra la despoblación.

No es la primera vez ni es el único sector productivo español atacado por el Ministro de Consumo, ya son muchas las ocasiones y los sectores que han sido centro de las críticas y ataques por parte de un Ministro cuya misión es apoyarlos y si observa margen de mejora poner en marcha medidas, desde su departamento o conjuntamente con otros ministerios.

Por lo expuesto, el Grupo Municipal del Partido Popular solicitamos que se adopte el siguiente ACUERDO:

PRIMERO. – Exigir al Presidente del Gobierno la rectificación inmediata de las declaraciones realizadas por el Ministro de Consumo y el cese del mismo por sus reiterados ataques a uno de los sectores productivos más pujantes de nuestro país, el cárnico, que lleva años mejorando sus procesos para garantizar la más alta calidad alimentaria y el bienestar animal.

SEGUNDO. Exigir al Ministro de Agricultura, Pesca y Alimentación, competente en la materia, que, con los datos de que dispone, desmienta inmediatamente las afirmaciones de su compañero de gabinete y ponga en marcha una campaña nacional e internacional de defensa y apoyo al sector ganadero cárnico y las medidas necesarias para que dicho sector avance en sostenibilidad.

TERCERO. – Reconocer el gran trabajo realizado por los miles de ganaderos españoles así como de los veterinarios e ingenieros agrónomos para hacer que el sector ganadero cárnico se adapte a las nuevas exigencias, regulatorias y sociales, en materia medio ambiental, de bienestar animal y calidad y seguridad alimentaria alcanzando los máximos estándares de calidad en dichas materias. ”

Ábrese unha quenda de intervencións.

Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que é certo que o noso concello non é unha potencia nas industrias do sector cárnico, pero si ten explotacións pequenas que serven para axudar á economía familiar. Cremos que é unha moción axeitada no momento tendo en contas as declaracións do Ministro de Consumo que é mantido no posto polo Presidente Sánchez.

PLENO

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) considera que se poden diferenciar dúas partes na moción, unha primeira de carácter técnico sobre a importancia das explotacións familiares e outra mais de carácter político que critica as declaracións do Ministro. Afirma que o seu grupo está en esencia a favor da moción aínda que o cese do Ministro se debería pedir nas Cortes.

Intervén D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen afirma que indo aos acordos que solicita a moción podemos dicir que está case todo cumprido, o Presidente do Goberno foi claro dicindo que lamente moito toda a problemática levanda polas declaracións do Ministro Garzón. En canto ao segundo punto, o Ministro de Agricultura xa dixo que eran unhas manifestacións fora de lugar e en canto ao terceiro punto o PSOE o ten moi claro e segue apoiando as explotacións familiares que contribúen a fixar poboación. Afirma que non se vai a meter no tema do cese do Ministro xa que é unha cuestión que lles compete ao Ministro e ao Presidente Sánchez e non ao Concello de Oroso. Afirma que o Estado español e Galicia en concreto é unha das zonas de maior control da calidade cárnica da Unión Europea.

Intervén D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) quen afirma que tiña a esperanza que fixeran como no Parlamento de Galicia onde se retirou esta moción polo PP. Esta moción é unha consigna de Madrid e de feito por iso ven escrita en castelán. Di que o sector gandeiro basease en explotacións familiares pero estas van mermando pola falta dun plan da Xunta de Galicia e teñen que pechar porque non poden asumir os gastos. Cando gobernaba o BNG creouse a mesa da carne que agora está totalmente esquecida ou o banco de terras, medidas que daban solucións a este sector. Fala de medidas de control dos matadoiros e so fai traslado dunha reivindicación, as ganderías cumpren coas medidas de control de benestar animal e a Xunta de Galicia non atende as reivindicacións que se fixeron neste punto. A Xunta de Galicia non apoia tampouco a normativa para a conversión da maquinaria para o control dos puríns como pide a Unión Europea, tampouco se busca solución en zonas como a Limia ou Bergantiños pola xestión de puríns e o problema medioambiental. Desde o BNG consideran que non poden ser cómplices con estas campañas de desprestixio do sector e temos un compromiso non so co sector cárnico se non co sector agrícola, leiteiro etc...Esiximos á Xunta de Galicia que realmente apoie ás explotacións gandeiras e non que as deixen perder pouco a pouco como están facendo agora. Dende o BNG defendemos a calidade da gandería extensiva que logo imos a facernos fotos e non diferenciamos unha gandería extensiva dunha intensiva. Descoñece a relación do Sr. Doval coa gandería e se vai como Pablo Casado a facerse fotos en mocasines pero os que levamos a gandería no sangue non xogamos co futuro da gandería.

Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que coas verbas do PSdeG-PSOE está bastante de acordo, reconece que o Ministro de Agricultura é un bo ministro e que ten un papel difícil porque ten que saír a

PLENO

rectificar a outro compañeiro que tamén é ministro pero o Presidente Sánchez neste caso se trata dun subalterno e debe cesalo.

En canto á intervención do BNG afirma que se trata dunha consigna de Santiago igual que vostedes din que a nosa moción é unha consigna de Madrid. En canto ao peche de explotacións é certo que está pasando, e que por desgraza seguirá pasando xa que temos moitas veces un modelo de explotación que non é rendible. Unha explotación de dez vacas non é rendible e so resistirán as rendibles economicamente. O resumo que se pode facer das súas palabras é que a Xunta todo mal e que cando estaba gobernando o BNG todo ben.

D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) afirma que a realidade é que traen aquí unha moción para pedir a dimisión do Ministro Garzón todo o demais non é a cuestión ou a finalidade da moción. Oroso Renovable non pode soprar e sorber á vez, non pode dicir que todo está ben na moción pero que a dimisión do ministro é unha cousa que teñen que decidir en Madrid.

D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) sinala que en resposta ás palabras de Alexander Doval Expósito, efectivamente, se as explotacións non son rendibles se teñen que facer rendibles e tomar medidas para ilo. O BNG cando estivo o fixo ben neste sentido.

D. Alexander Doval Expósito (PP) sinala que están disposto a quitar as referencias na exposición de motivos a Rajoy ou a Zapatero por si iso é un problema.

Toma a palabra o Sr. Alcalde quen afirma que o grupo de goberno quere manifestar o seu total apoio ao sector cárnico pero non podemos debater sobre unha cousa que debe debaterse en Madrid como é o cese dun ministro.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a moción presentada e o Pleno por:

Votos a favor: seis (4 do PP e 2 de OR).

Votos en contra: sete (6 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG).

Abstencións: ningunha (0 votos) non aproba a moción presentada.

6.2.-Moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE e pola concelleira do BNG sobre as consecuencias na tardanza das resolucións nas actuacións sectoriais con Concello de Oroso.

Primeiramente o Sr. Alcalde somete a debate e votación a urxencia da moción.

Non se producen intervencións.

O pleno por:

PLENO

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións: ningunha (0 votos) aproba a urxencia da moción.

Seguidamente logo de ver o contido da moción:

“As administracións locais levamos tempo padecendo un continuo “ déficit “ de financiamento, asumindo competencias impropias e un continuo retraso nas autorizacións das actuacións sectorias o que é o mesmo “as comunicacións que nos ditintos órganos levan un retraso continuo de resolucións das licenzas” o que fai moi difícil e as veces imposible poder executar actuacións que son de gran importancia e beneficio para a veciñanza.

Dende o Concello de Oroso vimos RECLAMANDO dende hai tempo unha maior rapidez e un reparto máis equitativo dos recursos, e por suposto aplicar criterios obxetivos nos mesmos.

Non é obxectivo nin xusto que estes repartos tanto por cantidade como pola tardanza nas resolucións, teñán demorado proxectos de importancia, ou mesmo ter que renunciar a eles polr non ter respostas nestas “resolucións “ ou non ter tempo para executar as actuacións, supoñendo un atraso para o crecemento do noso concello.

Somos a administración máis cercana aos cidadáns. Recollemos as súas queixas e malestar e temos a obriga de resolvelos.

- *Non é admisíbel que A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural tarde ata 120 días en contestar a un informe.*
- *Non é posible ter que esperar ata 280 días por un informe de Augas de Galicia.*
- *E o que non é de recibo que incluso “resolucións” da Conselleria de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda leven un ano sin resposta.*

Son estes exemplos claros dos continuos atrancos que atopamos, son estes unha pequena mostra das barreiras que están a poñer para poder atender ás demandas veciñais, e mesmo poñer en marcha novos servizos.

A isto temos que engadir o xeito de proceder nas convocatorias. Atopámonos con que a Xunta de Galicia está a recurrir nunha porcentaxe moi alta “procesos por concurrencia non competitiva” o que fai moi difícil a adxudicación das mesmas.

Polo anteriormente exposto, o Pleno do Concello de Oroso acorda instar a Xunta de Galiza a:

PLENO

- *Elaborar un Planeamento Urxente para a resolución das solicitudes o que significaría dar unha maior cobertura e calidade dos servizos.*

- *Que a tardanza na resolución das peticións en trámite poida ser xustificación suficiente para non perder ningunha actuación por parte do Concello.*

- *Poñer un prazo máximo de resolución, e de non ter resposta, este silencio sexa considerado favorable a petición solicitada polo Concello.*

- *Abrir unha mesa de diálogo coa FEGAMP e as Diputacións para establecer un maior marco de financiamento e mesmo de prazos de resolucións.*

Entendemos que estas son só unhas pequenas actuacións que servirían para mellorar a calidade de vida da veciñanza no concello”

Toma a palabra D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen afirma que a moción tenta poñer de manifesto os problemas que ten o Concello para sacar as obras a diante debido aos retrasos da Xunta na concesión de permisos. Isto o temos que xuntar á falta de persoal como consecuencia da taxa de reposición de efectivos e a maior burocratización da contratación administrativa. En moitas ocasións tamén a Xunta de Galicia recorre a procedementos de concorrencia non competitiva para a concesión de subvencións e a tramitacións que complican moito o acceso do concello a estas subvencións. Centrámonos na Xunta de Galicia porque é onde o concello ten mais atranco na obtención de permisos e autorizacións xa que a Deputación e o Estado son algo mais rápidos na concesión de autorizacións e permisos.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) considera que a burocracia e a lentitude afecta a todas as Administracións non so á Xunta de Galicia, afirma que na moción atopan unha contradición entre o título da mesma e o subtítulo que se refire á administracións sanitaria, e fala tamén de reasignación de orzamentos, e igualmente cre que se mixturan conceptos, xa que se fala de concorrencia non competitiva que non é o mesmo que adxudicación directa de subvencións, e logo estaría a concorrencia competitiva.

En canto á tramitación de urxencia, xa está recollida na lei de procedemento administrativo e se non sempre está a vía contencioso – administrativa e o Valedor do Pobo, e tampouco nos encaixa que se vai a mellorar a calidade de vida dos veciños, é todo algo confuso e contraditorio nesta moción.

D. Alexander Doval Expósito (PP) sinala que é certo que as autorizacións da Xunta de Galicia tardan, pedimos que se nos fixera un informe desde o Concello de cales estaban pendentes. A Xunta neste sentido tentou solucionar a situación tentando facer un contrato con Tragsa para que fixera os informes pero o Tribunal Superior tumbou este acordo. Na moción non se fala nin da Deputación nin do Estado, di Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) que é

PLENO

porque non tardan. Se o sentido da moción é que se axilicen as autorizacións dos diferentes organismos, estamos de acordo e votaríamos a favor, pero non é iste o sentido así que nos imos a abster.

D. Antonio Leiro Piñeiro (PSdeG-PSOE) afirma que se fala da Xunta de Galicia porque son tres dos seus organismos os que tardan mais de 60 días en conceder as autorizacións, e tanto a Deputación como estradas do Estado son mais rápidos. O tema das subvencións tamén é importante, xa que o Concello de Oroso se ve na obriga de renunciar ás subvencións porque non se poden executar e polo tanto pedimos que fagan como a Deputación que desde o 1 de xaneiro se sabe a que liñas se pode acudir. Non deixa de ser curioso que estes días Feijoo diga que quere un reparto xusto dos fondos da Unión Europea cando logo a Xunta non é xusta co reparto dos seus fondos cos concellos e que os fondos de Medio Rural non se esgoten en 12 minutos desde as 00.00 horas ata as 00.12 horas, é moi curioso que a media noite estean traballando no Concello os técnicos municipais e que o 90% dos fondos vaian a concellos gobernados polo PP. Atender a un veciños é mellorar a calidade de vida, darlle un bo colexio, un bo centro de saúde, arranxar un camiño, poñer unha marquesiña ou un contedor de lixo. No caso da senda de Bouzalonga temos os cartos desde hai tres anos e non os podemos usar. Ou o derradeiro día que se falou na comisión informativa da colocación de 130 sinais e dous paneis que tivo que ir a comisión informativa porque tardou moito pola tardanza de permisos.

D. Alexander Doval Expósito (PP) considera que se están a usar medias verdades. A Xunta de Galicia utiliza tres sistemas para a concesión de subvencións: as competitivas, non competitivas e os convenios. Fala de que é raro que estean os técnicos ás doce da noite nos concellos pero a realidade é que agora a administración cambiou e que o día comeza ás 00.01 horas coa administración electrónica é posible presentalo de xeito telemático. A Deputación da Coruña fai convenios con quen considera tamén, polo que considero que o grupo de goberno tamén estará en contra diso.

D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) quería dicir que non sabe como decide política lingüística, se é directa, competitiva ou non competitiva, hai mais de 500 actividades e non existe impreso para solicitar algunha, simplemente mandan un correo electrónico dicindo que todas as solicitadas polo Concello de Oroso xa estaban asignadas a outros concellos pero nin hai prazos, nin hai solicitude nin hai nada polo que me gustaría saber como se conceden.

D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) sinala que o POS é un plan que leva toda a vida na Deputación, a ese POS o PP lle dedicaba 22 millóns de euros, agora a Deputación lle dedica 80 millóns, e os 50 millóns de diferenza se atopaban nas subvencións nominativas que concedía o PP. Os últimos convenios que concedeu Diego Calvo foron dun total de tres millóns de euros dos que o BNG recibiu 80.000 euros e o PSdeG-PSOE algo mais de 100.000 euros. Na Deputación este ano se van a levar a cabo convenios por valor de 9.000.000 de euros pero se reparten de xeito equitativo e pactado entre os

PLENO

diferentes grupos e ao Concello de Oroso lle van a corresponder 120.000 euros.

Toma a palabra o Sr. Alcalde quen afirma que o feito de que unha autorización tarde mais de tres meses é unha desgraza, xa que durante eses tres meses non se pode licitar a obra, ao que lle tes que sumar 45 días mínimo que dura a licitación, polo que se tardan seis meses en iniciar as obras. As veces é un chiste, temos que volver a pedir permiso para asfaltar unha estrada que xa asfaltamos con permiso hai dous anos. So podemos falar ben de Medio Rural que tardan unha media de 31 días, a Deputación tarda 25 días. Se tería que terminar igualmente coa situación de ter que estar mendigando subvencións. Que busquen criterios obxectivos de reparto, podo estar de acordo en que se diga en que se ten que inverter pero se ten que acabar con esta poxa de subvencións. Podo entender que a Xunta ten un persoal limitado pero entón que reduza trámites. Outro caso é o dos servizos sociais nos que é unha competencia da Xunta pero parte o temos que financiar os concellos. O que se tería que facer é esperar 60 días e transcorridos os mesmos poder continuar coa execución das obras.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a moción a votación e o Pleno da Corporación por:

Votos a favor: sete (6 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: seis (4 do PP e 2 de OR) adopta o seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Oroso acorda instar a Xunta de Galiza a:

- Elaborar un Planeamento Urxente para a resolución das solicitudes o que significaría dar unha maior cobertura e calidade dos servizos.

- Que a tardanza na resolución das peticións en trámite poida ser xustificación suficiente para non perder ningunha actuación por parte do Concello.

- Poñer un prazo máximo de resolución, e de non ter resposta, este silencio sexa considerado favorable a petición solicitada polo Concello.

- Abrir unha mesa de diálogo coa FEGAMP e as Diputacións para establecer un maior marco de financiamento e mesmo de prazos de resolucións.

Entendemos que estas son só unhas pequenas actuacións que servirían para mellorar a calidade de vida da veciñanza no concello

4.3.-Moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE e pola concelleira do BNG sobre a situación en que se atopan os servizos sociais para prestar o servizo de axuda no fogar na liña de dependencia.

PLENO

Primeiramente o Sr. Alcalde somete a votación a urxencia da moción e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos), aproba a urxencia da moción.

Seguidamente e logo de ver o contido da moción presentada:

“Na Galiza temos un problema de envellecemento poboacional moi importante. No 2021 subiu 5,1 puntos con respecto ao ano anterior, alcanzando un 207,3%, hai 207 maiores de 64 anos por cada 100 menores de 16.

No concello de Oroso temos censadas 1.146 persoas maiores de 65 anos que antes ou despois poden ser usuarios dos Servizos Sociais. Teleasistencia, xantar na casa, solicitude de residencia, e o máis demandado a día de hoxe SAF(Servicio de axuda no fogar).

O SAF préstase a través de 2 modalidades: Libre e Dependencia.

Modalidade de Libre: as veciñas ou veciños poden solicitar esta modalidade ben por unha situación sobrevida temporalmente, maiores con perda de autonomía pero que poden manterse na súa contorna. Hoxe en día está saturado por usuarias/os pendentes do recoñecemento do grado de dependencia.

*Modalidade de Dependencia: para acceder a esta modalidade de axuda a usuaria ou usuario ten que ter recoñecido un grado de dependencia(Grado 1, Grado 2 ou Grado 3). e **aquí temos o problema**. O tempo medio para a valoración e recoñecemnto do grado de dependencia é de 2 anos. Moitas veces cando resolven á solicitude a usuaria/o desgraciadamente xa non o necesita.*

A día de hoxe dende Servizos Sociais hai presentadas 18 solicitudes do 2021 que non terán resposta ata finais de 2023 cun pouco de sorte.

Durante este periodo de tempo as familias demandan horas de SAF Libre para poder facer frente a esta situación.

Unha vez recoñecido o grado de dependencia atopámonos con outro problema, non temos horas asignadas pola Xunta de Galicia para acometer o servizo.

Na lista de agarda do Concello de Oroso contamos con 14 personas co grado de dependencia recoñecido e non podemos darlles o servizo porque non se incrementaron as horas.

Desde o Pleno do Concello de Oroso acordamos:

Instar á Consellería de Política Social unha maior rapidez na resolución das valoracións de Dependencia.

Instar á Consellería de Política Social que a medida que se recoñécen os grados aos dependentes vaian incrementando as horas para que os concellos podamos dar os servizos.

Instar á Conselleira que reciba o antes posible ao Alcalde e a Concelleira de Benestar Social.

PLENO

*Instar á Consellería de Política Social que teñá en conta ao Concello de Oroso para instalar un centro combinado de residencia e centro de día para a veciñanza de Oroso que pouco a pouco empeza a demandalo.
Instar á Xunta de Galiza a financiación real do Servizo de atención á Dependencia..”*

Toma a palabra D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) quen afirma que no Servizo de Axuda no Fogar (SAF) temos a lista de espera de 13 persoas. A Xunta de Galicia en Xaneiro designa unhas horas de dependencia pero a Oroso no derradeiro ano non se nos deu ningunha hora. Temos as de libre e a de dependencia saturada. O problema está que os dependentes que non teñan horas están usando as de libre. A media de resolución da dependencia pola Xunta de Galicia é de dous anos. A nos dannos horas en verán ou en decembro, pero claro moitas veces cando nos dan horas en decembro o orzamento municipal está esgotado polo que de pouco nos serven. Non entende porque non a medida que se vai recoñecendo a dependencia a persoas en paralelo non se van subindo as horas do concello no que residen estas persoas. No 2021 rematamos o exercicio con 18 solicitudes de dependencia que a este ritmo lles poderemos dar unha axada no 2023. Por outro lado a Xunta subiu o prezo da hora a 11 euros pero sen embargo a empresa cobra 15 euros, polo que o financiamento debería ser real.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirma que o seu grupo está de acordo nesta moción e vai a votar a favor, concordamos na exposición de motivos e no acordo que se pretende, asistimos a un avellentamento da poboación e agradecemos que se poñan os datos de demandantes de dependencia e é certo que por desgraza as veces xa chegamos tarde. O do centro de día estamos de acordo aínda que teríamos que recordar que cando o trouxo Oroso Renovable nolo votaron en contra e en canto ao contrato que se ten coa empresa se podería preguntar ao Interventor se é posible a municipalización do servizo para o aforrar custes, porque se están poñendo reparos a estes servizos que están privatizados.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que a moción chegou un día antes do pleno o que lles deu tempo de estudiala, e que en principio van a votar a favor. O tema da financiación está claro que o Concello ten que poñer cartos porque non chega, tamén é necesario que o Estado cumpra coa lei de dependencia que non o está a cumprir. Igualmente está de acordo que cando se conceden novas horas as veces é difícil encaixalo orzamentariamente, e que a dependencia ten un procedemento moi dilatado no tempo e tería que ser moito mais rápido. En canto ao reparto das horas o que pasa é que a Xunta ten un criterio obxectivo, por idade e por extensión e a realidade é que tales criterios non nos benefician ao Concello de Oroso. Tamén sinalar que unha das primeiras cousas que se fixo nesta lexislatura foi seguir co servizo de SAF polo concello de xeito privatizado aínda que é a concellería do BNG. Considera que se debería ser un pouco mais ambicioso polo Concello e animar ás empresas privadas que instalen a Casa do Maior. Ordes ten residencia municipal o Boimorto.

PLENO

D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) afirma que alégrase moito das intervencións realizadas polos diferentes grupos xa que poñen de manifesto o correcto da moción anterior e de que se repartan de xeito axeitado os fondos. A Deputación está a poñer fondos para esta materia cando non é a súa competencia. Considera que o Concello de Oroso ten un prezo bastante moderado, xa que hai concellos que xa están pagando 18 euros. Quere lembrar que fomos un dos primeiros concellos que esiximos á empresa que se contratou que tiveran ás traballadoras cun convenio colectivo regulado. En canto ao tema da Casa do Maior non se pode instalar aquí salvo que se cometa unha ilegalidade, xa que non se pode porque temos mais de 5.000 habitantes e so se pode en concellos de menos e por iso esta en Frades ou en Concello de Ourense.

D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) indica que claro que querían municipal o servizo pero non se pode facer por facer e existen impedimentos legais para facelo. A casa do maior e a casa do menor son de iniciativa privada e non se pode en concellos de mais de 5.000 habitantes como xa dixo Antonio Leira Piñeiro. O problema para municipal, sería que se podería ao mellor absorber ás traballadoras do SAF pero que se fai cos coordinadores, non os poderíamos absorber pero igualmente tampouco se poden contratar pola taxa de reposición de efectivos. É moi bonito e moi fácil dicir que o BNG non quere municipalizar pero se ten que ter os pes no chan.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirma que se pode subrogar o servizo porque está previsto nos pregos. Os Concellos poden ser axentes de xestión de servizos e non so entes de contratación. É certo que no concello de Oroso non se podería usar a figura da casa do maior xa que ten mais de 5.000 habitantes, pero algunha figura haberá para estes concellos non?

D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) indica que non.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) sinala que haberá que entón modificar a Lei da Xunta de Galicia para que se permita.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que a cuestión da municipalización a sinala un pouco por meterse co BNG, pero desde a súa opinión existen servizos privatizados que funcionan ben e outros non tan ben. En canto ao da casa do maior, afirma que comprobará que efectivamente non se pode en concellos de mais de 5.000 habitantes pero en todo caso se podería facer unha residencia municipal como teñen outros concellos.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, quen afirma que lle encanta cando todos os grupos pónense na tesitura de traer propostas e facer aportacións, para todo o que sexa sumar e beneficios para os veciños do Concello de Oroso afirma que lles van a atopar sempre.

PLENO

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a moción a votación e o Pleno da Corporación por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP, 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos) adopta o seguinte acordo:

Instar á Consellería de Política Social unha maior rapidez na resolución das valoracións de Dependencia.

Instar á Consellería de Política Social que a medida que se recoñecen os grados aos dependentes vaian incrementando as horas para que os concellos podamos dar os servizos.

Instar á Conselleira que reciba o antes posible ao Alcalde e a Concelleira de Benestar Social.

Instar á Consellería de Política Social que teñá en conta ao Concello de Oroso para instalar un centro combinado de residencia e centro de día para a veciñanza de Oroso que pouco a pouco empeza a demandalo.

Instar á Xunta de Galiza a financiación real do Servizo de atención á Dependencia..”

5.-Rogos e preguntas.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) toma a palabra para indicar que en relación ao pleno extraordinario, dixo o Sr. Alcalde que se non estábamos de acordo non deberíamos estar na política, e nos estamos na política para defender á xente e pedimos nese sentido respecto. Igualmente pregunta se o Sr. Alcalde ten pensado modificar a Xunta de Goberno Local.

O Sr. Alcalde responde que xa verá se a modifica, pero que en todo caso non a vai a modificar como quere D. José Manuel Mirás Pulleiro.

Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) quen sinala que volveu pedir as actas da Xunta de Goberno Local xa que tivo un problema informático e non lle chegaron algunhas. En Recurso afirma que existían uns vadéns que se foron quitando e solicita que se repoñan. Igualmente sinala que na zona do centro cultural os veciños queixan de que hai moitos gorrións e que son molestos, polo que solicitamos que se busque algún tipo de solución para iso. Nos Mariñaos solicitamos dous puntos de luz e en Baxoia hai unha marquesiña rota polo que solicitamos a ver si se pode arranxar. Por outro lado, entendemos que o goberno municipal está a traballar no POS e por iso queremos trasladar que en Vilalbarro solicitan a auga e o saneamento e por último tamén solicitamos que se faga algún tipo de actuación no camiño da Presa que está moi mal. Igualmente en Vilanova a vía de servizo está moi deteriorada, sabemos que non é competencia municipal, pero pedimos que se traslade e que se inste á Delegación.

O Sr. Alcalde responde que o tema da vía de servizo está previsto que se faga, aínda que non sabemos cando. En canto ao tema da auga e do

PLENO

saneamento xa tivemos unha reunión cos veciños e xa lles dixemos que o meteríamos no POS e no remanente a auga e para o ano o saneamento. En canto ao dito por D. José Manuel Mirás Pulleiro, vostede pode dicir o que queira pero desde a súa opinión os veciños lle votaron para que asistira aos órganos do Concello, despois vostede poder facer o que considere oportuno co diñeiro. O debate non pode estar nas redes sociais se non que se debe facer nos órganos do concello. Todos podemos faltar algún día pero o que non lle parece correcto e que D. José Manuel Mirás Pulleiro non veña e diga que non ven para non cobrar 150 euros por cinco minutos porque ao mellor vostede so dedica 5 minutos pero é deber dos concelleiros preparar as cosas estudar a documentación que ven a comisión. Unha relación de 400 facturas se ten que revisar e repasar, e non so son os cinco minutos que dura a comisión.

A continuación o Sr. Alcalde cede a palabra a D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen afirma que é aquí onde se teñen que aclarar as cousas e non nas redes sociais. Todos os que estamos aquí sabemos que a percepción que a sociedade ten da política non é a mellor nestes momentos, pero desgraciadamente en moitas ocasións son as persoas que ocupan un cargo de representación pública as que contribúen a esta percepción tan negativa.

É verdade, e así o recoñezo antes de continuar, que estou un pouco canso das continuas referencias á miña persoa que fai Oroso Renovable e o seu portavoz nas redes sociais, curiosamente nunca o fixo neste foro, pero lamentablemente o dano non so é para min, senón para o conxunto dos concelleiros e concelleiras desta corporación.

Vexo moita insistencia en destacar o salario das persoas que teñen unha dedicación exclusiva na Deputación, ou será o meu? E quero lembrarlle ao Sr. Mirás Pulleiro que esas dedicacións foron aprobadas polas cinco forzas políticas representadas no pleno da Deputación, que á súa vez representan a mais dun millón de veciños e veciñas da provincia.

Cando vostede deuse conta de que eu non cobraba nin dietas nin desprazamentos como deputado provincial, pasou a criticar o que os concelleiros e concelleiras deste concello cobran por nómina ou por asistencia a un órgano colexiado.

Vostede sabe mellor que ninguén que os salarios do grupo de goberno do Concello de Oroso están moi por debaixo do que permite a lei, comezando polo salario do alcalde, que por lei podería cobrar ata 1.000 euros mais ao mes do que cobra actualmente e non o fai nun exercicio de responsabilidade.

Vostede verdade pensa que os concelleiros e concelleiras do Concello de Oroso cobran moito polo traballo que fan? Invíttolle a dicilo aquí se realmente o pensa.

Porque o que vostede fai coas súas publicacións nas redes sociais é transmitir que aquí se cobra moito e non se fai nada, como cando fala do tempo que dura unha xunta de goberno ou unha comisión e non do tempo que leva preparar os proxectos e a documentación que se trata en cada unha delas.

Un partido político serio non so debe saber o que quere facer, sobre todo, debe saber o que legalmente pode facer, o resto é enganar á xente.

Iso é o que fai Oroso Renovable cando tenta desprestixiar á Xunta de Goberno Local e o traballo que nela se fai. Señor Mirás Pulleiro, mal que lle

PLENO

pete, trátase dun órgano obrigatorio por lei. Non sé en Oroso, se non en todos os municipios cunha poboación superior aos 5.000 habitantes, por que será? Porque a Xunta de Goberno Local ten moitas mais competencias e responsabilidades das que vostede di.

Porque vostede sempre xoga a non dicir a verdade. So conta o que lle interesa. E, xa saben o que din, que unha verdade a medias termina sendo unha mentira.

Coas súas palabras non so está desprestixiando a este Concello, esta faltando aos técnicos e políticos que traballan polo benestar dos nosos veciños e veciñas. E hai que pagar por traballar? Pois si, toda persona merece cobrar polo seu traballo. É de simple xustiza.

Despois volve a xogar cos membros e as asistencias tanto á Xunta de Goberno Local como ás comisións informativas polo que demostra un descoñecemento absoluto de como funciona unha Administración, porque é realmente na Xunta de Goberno Local e nas comisións onde se goberna un concello.

O Pleno é o órgano final que aproba todo o traballo que as fai nas Xuntas de Goberno Local e nas Comisións ás que vostede decide non ir. É moi libre de non facelo, pero cada vez que vostede falta a unha comisión estalle faltando ao respecto a todos os veciños e veciñas que depositaron a súa confianza en vostede en forma de voto hai pouco mais de dous anos. As comisións son para traballar, debater as propostas que se levan, e aí se elaboran os textos que despois se aproban no Pleno.

Nun goberno sólido como é o bipartito PSOE-BNG en Oroso, os Plenos son ratificacións dun traballo feito. Debatenos con vostedes por respecto aos seus cargos e aos nosos veciños e veciñas, pero realmente poderíamos simplemente aprobar as cousas sen dicir unha palabra, e sabe por que? Porque todo é importante, e todo o que hai que dicir sobre un proxecto, xa se fixo na correspondente comisión. Esas comisións ás que vostede decidiu non ir.

Se a rexeneración que vostede vende para a política consiste nisto mal vamos, pídolle polo menos que se informe ben antes de escribir xa non so cando fala de salarios se non en xeral.

Porque facendo un respo das publicacións de Oroso Renovable vulle poñer varios exemplos:

Falan vostedes das bondades da Casa do Maior, cando debería saber, e xa se dixo neste pleno que están ideadas para concellos de menos de 5.000 habitantes, ou critica a instalación de contedores de lixo de madeira cando en realidade son de plástico reciclable ou pide valados en obras que aínda non remataron...

O 15 de xaneiro de 2020 en relación ao acto institucional a favor da igualdade “sementamos igualdade” desde Oroso Renovable manifestaron que estaba moi ben poñerse na foto pero respecto da igualdade política no Concello de Oroso, as retribucións exclusivas e parciais non reflexan semente de igualdade, as dúas dedicacións exclusivas desempeñadas por dúas mulleres con xornada de traballo ordinaria hai que consideralas discriminadas a efectos salariais porque as súas horas de traballo están peor retribuídas proporcionalmente que as horas de dedicación parcial da alcaldía e da

PLENO

concellería de Urbanismo. Pois ben, teño que dicirle que aquí non se cobra por horas, se traballa con dedicación plena cada día e todos os días da semana que se precise.

Ou din vostedes referíndose á miña persoa unha vez mais que por segunda lexislatura consecutiva foi designado o número 3 da lista mais votada para o cargo de deputado provincial cunha retribución exclusiva de 50.000 euros, que ademais percibe asignacións por asistencias no Concello de Oroso, saltando por riba da muller e primeira tenente de alcalde e número 2 do goberno de Oroso o que supón unha discriminación na promoción política.

Mire vostede, demostra un total descoñecemento de como se elixen os Deputados Provinciais, e o que é mais importante, nos non vimos aquí a promocionarnos na política, vimos a traballar para facer a sociedade mellor para os nosos veciños.

O 10 de decembro de 2019 publica vostede que en relación ás subvencións publicadas no BOP ese día, a que se adica o deputado provincial e responsable de deportes, promoción económica, emprego e turismo que temos en Oroso tal como figura na web do concello e con dedicación exclusiva?. Oroso Renovable publicou que a miña obriga debería ser informar, comunicar, colaborar dende a miña función política para que as entidades locais capten recursos. Dixeron que as dúas vías de subvencións encaixan nas miñas competencias e non resoludara beneficiada ningunha entidade de Oroso, que xa era deputado na lexislatura anterior, dicían que era bastante chamativo e invitaban na súa publicación a que os veciños lle botaran unha ollada ao listado de beneficiarios. Dicían que nas subvencións publicadas hoxe non aparecía ningunha entidade deportiva de Oroso e que nas subvencións concedidas ás entidades locais de comercio non aparecía ningunha entidade do Concello e que na liña de promoción económica aparecía inadmitida unha solicitude dunha asociación xuvenil e cultural de Oroso. Remataban a publicación dicindo que nos tiñan que reclamar responsabilidade política desde as asociacións deportivas, culturais, sociais e comerciais.

Mire vostede, a información e comunicación é permanente coas entidades do noso concello. Total.

En primeiro lugar, a convocatoria a que se refire vai dirixida a clubs deportivos que participen en competición federada de ámbito nacional ou internacional. Sendo que nese programa non se presentou ningunha solicitude por parte de ningún clube do noso concello.

Teño que explicarlle que na Deputación da Coruña, en deportes, hai un total de 6 programas de subvenciones, desta forma, se vostede non sesgara interesadamente a información, podería comprobar que un total de 10 entidades e clubs deportivos de Oroso foron beneficiarias de subvencións concedidas pola Deputación nese ano 2009 por un importe total de 26.750 euros.

É posible que vostede non faga caso ao que lle estou dicindo, seguro que xa desconectou hai un anaco, ou é posible que recorra a perfís falsos nas redes sociais para continuar coas mentiras e as insinuacións.

Mire, o meu soldo está na páxina web da Deputación da Coruña, a disposición de calquera que queira velo. Como o de toda a corporación . E

PLENO

dígolle mais, está tamén a miña declaración de bens e ingresos que iso non o pediu a Deputación. Ademais, aprobouse en Pleno, publicouse no libro de sesións.. Non pode ser mais público, por moito que a vostede lle guste converterse en investigador afeccionado.

Pero o que vostede fai non so prexudica a min e á miña familia, prexudica a toda esta corporación, porque na política como na vida mais importante que o fondo son as formas, e estou convencido de que algún día se lle volverá en contra.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que en abril de 2019 tentouno agredir á saída do centro cultural, iso lle faltou dicilo, e por iso si que eu non paso.

Intervén o Sr. Alcalde quen afirma que se ten que dignificar a política e que con cousas así non se dignifica, non se pode criticar que se cobre por traballar en política. É faltar á verdade dicir que se cobra so por vir 5 minutos ás comisións, as cousas se teñen que falar aquí, nos órganos do concello, se trouxeron hoxe tres mocións pero logo nas redes sociais se di que a cabalgata de nadal tiña que ir polas parroquias pero logo aquí non se di nada e logo se din cousas nas redes sociais que non son certas, como que se ven ao pleno sen contido, o contido son tamén as mocións.

Neste intre o Sr. Alcalde da por rematada a sesión cando son as 21:05 horas do día sinalado ao comezo da presente acta, que asina dixitalmente o Secretario da Corporación para dar fe da mesma co visto e praxe do Sr. Alcalde – Presidente.

O Alcalde - Presidente
Luís Rey Villaverde

O Secretario
Federico Suárez Cancelo.